Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 012: A pena caldaria

Os xuízos coñecidos como proba, lei ou pena caldaria aparecen descritos no Foro de León (s. XI), logo prohibidos polo papa Alexandre III.

Na “Crónica General España. Crónica de la provincia de Lugo”, escrita por J. Villaamil na segunda metade do s. XIX dise a propósito das augas ferventes de Lugo que "en la Edad Media se utilizaron sus férvidas aguas para hacer la prueba del agua caliente".

Nunha escritura datada en Lugo o 9 de febreiro de 995, a un tal Istofredo e á súa muller, Egilo, acusados de roubo, mandóuselles purgar o delito somerxéndoos ata o pescozo nas augas caldas do Miño ao seu paso por Lugo.

Xa se fixera anteriormente. Dirimíase un conflito de dereitos sobre o lugar de Vilarplano entre o bispado de Lugo e o mosteiro de Sobrado e dise que o presbítero Inocente Salamito meteu dez veces o brazo en auga fervendo, sacando cada vez unha pedra do fondo: "fajósele el brazo y se le sujetaren las ligaduras con el sello del Obispo, cuatro dias despues este mismo rompió los sellos y ligaduras, y el presbítero enseñó el brazo sano y sin quemadura, á presencia del pueblo".

«⇔»

Serie: Micromitos **Publicación:** *Nós Diario*, 16 de setembro de 2020.

Locución audio: Rocío Romero Otero

Your browser does not support the audio element.